

Welcome to art, unha experiencia bilingüe

Beatriz Somoza Pires

Coordinadora do proxecto bilingüe
CEIP Santa Mariña, Redondela
somozapires@edu.xunta.es

Con proxectos bilingües como o que se describe neste artigo, podemos mellorar as dúas destrezas que máis custa conseguir: a comprensión e a expresión oral nunha lingua estranxeira. O traballo integrado dos contidos da materia non lingüística e do idioma, sitúa o alumnado nas mellores condicións para adquirir a confianza que require o seu emprego, de forma que lle permite avanzar e afianzar a adquisición doutra lingua diferente á súa de uso habitual.

O curso pasado ofrecéusenos a posibilidade de nos adscribir a este programa no 3.º ciclo de primaria e non dubidamos, era unha grande oportunidade para potenciar a adquisición das dúas destrezas referidas. Dende o momento en que se formula diante do equipo directivo e do Claustro do CEP Santa Mariña, o apoio foi absoluto. Cando se lles deu a coñecer o proxecto aos pais e ás nais, responderon todos conformes: Adiante! As familias perciben a necesidade de que os seus fillos cheguen a dominar varias linguas, especialmente o inglés, e manifestan o seu interese. Incluso se está considerando dende algúns ámbitos que esta lingua, xunto coas novas tecnoloxías,

se traten como materias instrumentais.

E, finalmente, o proxecto chega aos alumnos. O primeiro día de clase amosaron un certo receo, dado que non estaban afeitos a esta situación; pero iso mudou en poucas sesións. Fóronse establecendo as estratexias para mellorar a comprensión, o que lles deu moitos azos e motivación, pois xa tiñan adquiridas moitas das ferramentas que precisaban e só había que aprender a usalas.

Despois do primeiro curso de traballo a satisfacción do alumnado era palpable: estaban ilusionados porque comprendían as explicacións que se lles daban en inglés para realizar as actividades. En bastantes casos, ata chegaban a iniciar



A actividade compartida é o mellor recurso para comunicarse

pequenas conversas dentro das situacións comunicativas da aula, por suposto, propias dun nivel inicial.

Os gratificantes resultados fixeron que o claustro, as familias e o propio alumnado quixese continuar co proxecto, así que neste curso, despois de ampliálo aos tres ciclos de primaria, desenvolve un proxecto bilingüe na área de Plástica. De maneira que todos os alumnos e alumnas do colexio reciben as clases de ART en inglés.

Por que eliximos a Plástica?

É unha cuestión de horario. Ao corresponderlle só unha sesión semanal resulta factible abranguer os diferentes

niveis. Iguálense así as oportunidades de aprendizaxe de todos os nenos e nenas do colexio, e conséguese que participe un maior número de alumnos, case 400, nun programa de innovación educativa.

Por outra banda, ao tratarse dunha materia de carácter manipulable e creativo, á que o alumnado asiste ben predisposto, créase un ambiente relaxado que favorece as situacións comunicativas e, daquela, o uso do inglés. Ademais, nestes niveis a expresión plástica está presente en todas as materias, polo que podemos colaborar nas distintas actividades que se levan a cabo no centro (Magosto, Nadal, Entroido...) e, á parte, en proxectos de aula doutras materias como Coñecemento do Medio, Música ou Educación Física.

Respecto aos contidos, estes correspóndense cos específicos de Educación Plástica, como as formas xeométricas, as cores, a luz e a sombra, a paisaxe, a figura humana...; diferentes pintores como Mondrian, Laxeiro, Monet...; modelaxe con barro e plastilina, etc.

Estes contidos están organizados, segundo a marcha do curso, podendo adaptarnos así aos traballos do centro ou das distintas materias (outono-cores quentes, vendima-cores frías, Nadal-modelaxe...).

O inglés emprégase nas explicacións das tarefas, nos títulos dos traballos, biografías dos pintores e en todas as

situacións comunicativas nas que é posible.

Metodoloxía de traballo

O primeiro que fago cando comezamos unha nova tarefa, é proporcionar o soporte lingüístico necesario que cubra as necesidades idiomáticas.

Cales poden ser estas demandas?

Primeiro, o vocabulario específico da unidade didáctica. Este, moitas veces, xa é familiar ou coñecido (as cores, as partes do corpo, os elementos da natureza...) e unicamente precisa unha revisión. Outras veces non o é, nese caso usamos carteis con fotos e debuxos, ou o encerado, como lugar de referencia. Alí queda escrito o tempo necesario, que mesmo pode ser todo o curso, por se se necesitase para outras ocasións.

O vocabulario relativo ás ferramentas está presente na aula dende o principio de curso, nos botes ou caixas de materiais, xa que todo se atopa coa etiqueta en inglés. Respecto ás expresións comunicativas, na clase figura un cartel con aquelas máis frecuentes e imos incluíndo as expresións novas que se traballan na área de Lingua Inglesa, para lograr deste xeito unha aprendizaxe globalizada. As aprendizaxes idiomáticas adquiridas permítenlle estender así o seu uso á clase de Plástica.

Este método de traballo funciona moi ben, posto que unha vez que están habituados, saben onde atopar as ferramentas para a comprensión ou a expresión. No encerado está presente o vocabulario da actividade concreta que se realiza, pero, se necesitan recordar o nome das cores, dos útiles de traballo, ou pedir para ir ao servizo, ou para afiar, saben a onde acudir. Na clase hai carteis con abundante información que eles aprenden a utilizar de acordo co que

desexan transmitir. No espazo de ferramentas todo está con etiquetas, o que tamén constitúe unha fonte de recursos.

Os alumnos implícanse moito á hora de usar o idioma. Un dos exemplos que o confirma é que cando debuxan ou crean calquera obxecto, no caso de que precisen rótulo, este fano en inglés. O novo vocabulario e información adquiridos quedan recollidos en fichas que se van pegando nun caderno. Este caderno vaise completando en cada un dos seguintes cursos. Desta maneira teñen un material persoal de consulta.

Os recursos

Existen xa no mercado textos bilingües de diversas editoriais para impartir a materia de Plástica. Nós usámoslos no 1.º ciclo, porque son atraentes para o alumnado de menos idade, e posibilitan unha forma máis sistemática de traballo. Co alumnado de 2.º e 3.º ciclo, os recursos empregados son máis variados. Seguimos o currículo marcado, pero tratando sempre de adecualo aos intereses dos nosos rapaces. Cremos que así amosan unha actitude máis receptiva á hora de adquirir novo vocabulario.

Cando os traballos se refiren a pintores, empregamos manuais e libros de arte, normalmente en castelán. En Internet hai moita variedade de textos de arte e traballos manuais, e temos a sorte de que xa se atopan en inglés, o que facilita ben o labor. Moitas veces os materiais non están adaptados para primaria, polo que debo elaborar fichas axeitadas ao nivel. Para o resto das actividades, habitualmente non necesitamos máis que materiais de tipo plástico como pinturas, teas, papeis, cartolinas, barro...

O traballo de planificación de tarefas fágoo con libros da materia, e o dicionario

de inglés serve para consultas de vocabulario ou de expresións axeitadas.

Unha experiencia de papiroflexia

Unha das actividades que máis lles gusta aos meus alumnos e alumnas é "ORIGAMI" (papiroflexia). Comezamos esta actividade cunha breve audición de música oriental. Unha vez situados, explico, en inglés, o significado da palabra e a orixe da técnica, e escribo os datos máis importantes no encerado. A continuación revisamos os conceptos e o vocabulario básico que lles permita seguir as instrucións: cadrado, triángulo, metade, dobrar, abrir, unir... Asegurado xa o coñecemento do vocabulario, continúo coa explicación dos pasos da actividade e despois volvo facelo, pero esta vez os alumnos seguen as instrucións.

Nesta primeira toma de contacto coa técnica, fixemos un prego base chamado "bomba de auga" que cómpre coñecer para seguir avanzando no coñecemento da papiroflexia. Combinando estes papeis dobrados de forma triangular, obtivemos diferentes figuras (flores, paxaros, papaventos e bolboretas), que usamos para decorar a clase e os corredores do colexio. A etiquetaxe toda estaba en inglés.

Con esta actividade conseguimos activar, nunha soa sesión, polo menos 20 palabras de vocabulario, e os alumnos foron quen de seguir con proveito unhas instrucións de traballo bastante precisas.

Valoración da experiencia

Penso que o mellor é que os alumnos e as alumnas reciben o idioma dende un punto de vista práctico, e séntense confiados porque dispoñen das ferramentas básicas e non parten de cero. Ningún dos



participantes está inquieto nin con ansia porque as clases se impartan nun idioma que non dominan, acéptano de xeito natural porque entre os xestos e a linguaxe comprenden a mensaxe que se lles envía. En ningún momento se senten desconectados do traballo, xa que saben que, en último caso, a información se pode transmitir no seu propio idioma. Este feito predispónos favorablemente para que se esforcen a comprendelo en inglés. Aínda que se produzan equivocacións, ou mesmo que a comprensión sexa inexistente, nunca terá consecuencias negativas, nin se avaliará, pois sempre se favorece a posibilidade do ensaio-erro.

Activamos vocabulario que coñecen, comprobamos o uso práctico de expresións e tempos verbais aprendidos nas clases de inglés e incorporamos vocabulario máis técnico referido á materia.

A ensinanza pode minorar un pouco debido ao tempo investido nas explicacións, que hai que repetir ás veces, ou na aprendizaxe do vocabulario. Non obstante, estou convencida de que esta é unha vía adecuada e conducente ao éxito para que os nosos alumnos acaden unha boa competencia nas destrezas de expresión e comprensión oral. É verdade

que os éxitos serán maiores canto máis se amplíe o horario bilingüe, pero tamén teño a seguridade de que o nivel, nestas destrezas, das alumnas e dos alumnos de 1.º, unha vez que rematen a primaria, será superior ao que teñen arestora os de 6.º

Bibliografía

BAKER, C. (1977) *Fundamentos de educación bilingüe y bilingüismo*. Madrid, Cátedra.

COTS, J. M., ARMENGOL, L., ARNÓ, E., IRÚN, M. e LLURDA, E. (2007) *La conciencia lingüística en la enseñanza de lenguas*. Barcelona, Graó.

Rematar a tarefa con éxito, utilizando o inglés como lingua de comunicación na aula, provoca unha enorme satisfacción no noso alumnado

